

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS

## CURSO 2021/2022



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: [ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es](mailto:ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es)

web: [www.ieslauroolmo.gal](http://www.ieslauroolmo.gal)



# ÍNDICE

Introdución .....	4
<b>PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ECONOMÍA CUARTO CURSO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA .....</b>	<b>6</b>
1. Introducción e contextualización.....	6
2. Obxectivos .....	7
3. Competencias do currículo .....	9
4. Elementos transversais.....	10
5. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	10
6. Temporalización.....	15
7. Vinculación entre: obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, unidades didácticas e competencias clave .....	15
8. Procedemento de avaliación continua .....	18
10. Medidas de atención á diversidade.....	23
11. Metodoloxía, materiais e recursos, libros de texto .....	23
<b>PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ECONOMÍA PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO.....</b>	<b>25</b>
1.Introducción e contextualización: .....	25
2.Obxectivos: .....	26
3. Competencias do currículo: .....	29
4. Elementos transversais.....	29
5. Vinculación entre secuenciación de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe .....	30
6. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	35
7. Temporalización.....	38
8. Procedemento de avaliación continua: .....	39
9. Procedemento de avaliación extraordinaria.....	43
10. Plan de recuperación de pendentes de Economía 1º Bacharelato .....	43

11. Medidas de atención á diversidade.....	44
12. Metodoloxía, materiais e recursos, libros de texto .....	44
<b>PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ECONOMÍA DA EMPRESA SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO .....</b>	<b>46</b>
1. Introducción e contextualización.....	46
2. Obxectivos .....	47
3. Competencias do currículo .....	49
4. Elementos transversais.....	49
5. Vinculación entre secuenciación de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe .....	50
6. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	56
7. Temporalización .....	58
8. Procedemento de avaliación continua .....	58
9. Procedemento de avaliación extraordinaria.....	62
10. Medidas de atención á diversidade.....	63
11. Metodoloxía, materiais e recursos, libros de texto .....	64
<b>Procedementos de avaliación da propia programación .....</b>	<b>66</b>
<b>AVALIACIÓN DO PROFESORADO .....</b>	<b>67</b>

## Introdución

Oferta educativa presentada polo IES LAURO OLMO para o curso 2021/22 correspondente ao Departamento de Economía:

En cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, na opción de ensinanzas académicas para a iniciación ao bacharelato, a materia de opción dentro das troncais, **ECONOMÍA**.

No bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais as materias troncais de opción, **ECONOMÍA** no primeiro curso, no segundo **ECONOMÍA DA EMPRESA**

**A maiores destas materias, é impartido por este departamento o módulo de Empresa na aula de Ciclo Medio de Xestión Administrativa, pertencente ó Departamento de Administrativo, a programación de dito módulo realizarase na plataforma que a Consellería de educación ten habilitada para tal fin.**

As materias, que ten encomendadas o Departamento de Economía, no presente curso serán impartidas pola profesora María Fernández Parada, quen asume as funcións de Xefa de Departamento

Todas as materias serán impartidas en castelán, excepto o módulo Empresa na Aula, que será impartido en galego, segundo o Proxecto Lingüístico de Centro

Esta programación foi elaborada tendo en conta os criterios preceptivos expresados na normativa vixente:

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)-Texto consolidado

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22

As programacións didácticas do departamento inclúen en cada materia os seguintes elementos:

- a) Introdución e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:
  - 1º. Temporalización.
  - 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
  - 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

- h) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- i) Medidas de atención á diversidade.
- j) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- k) Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento.



Lauro Olmo

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ECONOMÍA CUARTO CURSO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

## 1. Introducción e contextualización

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle que o estudo e a formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Esta é a programación do Departamento de Economía do IES LAURO OLMO para a materia de Economía que se imparte no cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria enfocado ao bacharelato da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

No presente curso académico a docencia de Economía está condicionada por diferentes aspectos, entre os cales poderíamos destacar:

Itinerario académico. Aínda que si existen algunhas disciplinas que preparan para o seu estudo, estas fano de xeito indirecto. O alumno parte practicamente de cero na materia Economía.

Idade do alumnado. Nunha idade de máxima curiosidade intelectual, como é a adolescencia, marcada polo estudo, a reflexión e a personalización dos problemas, a materia debe expoñerse cunha metodoloxía constructivista para que sexa a aprendizaxe significativa quen proporcione as respostas máis comúns e lóxicas ás formulacións económicas adoptadas polas sociedades ao longo da historia.

O contexto interdisciplinar. Cambiante como a propia natureza humana, a Economía relaciónase directa ou indirectamente con multitude de disciplinas, as cales non só non poden ser obviadas, senón que ademais adoitan constituír a primeira referencia para o alumno, pois xa foron obxecto de estudo noutros niveis educativos.

O contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual que nos leva a incorporar o establecido nas instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, en especial os puntos 29, utilización das aulas virtuais e 30 , metodoloxías do ensino a distancia

## 2. Obxectivos

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

En relación cos contidos propostos na ESO, marcaremos para a área de Economía no curso de 4º da ESO os seguintes obxectivos:



Integrar o concepto de economía como ciencia da elección. Identificar os principais axentes económicos, a súa actuación e as relacións entre eles. Valorar criticamente o impacto das accións dos axentes económicos sobre a contorna.

Adquirir e empregar vocabulario económico con precisión e rigor, de modo que permita coñecer, valorar e interpretar a realidade económica e social que nos rodea.

Describir a importancia da empresa e o emprendemento no proceso de creación de riqueza dunha sociedade.

Identificar as consecuencias das actividades empresariais para a propia empresa, os seus traballadores e a sociedade no seu conxunto.

Coñecer, controlar e xestionar as variables de ingresos e gastos dun orzamento persoal e saber decidir con racionalidade entre distintas alternativas económicas da vida persoal e relacionadas co benestar propio e social.

Analizar o papel do diñeiro no funcionamento da sociedade. Valorar o aforro como medio para alcanzar logros persoais.

Explicar o papel do sector público, como garante do marco de actuación e como axente económico. Valorar criticamente os efectos da súa actuación ou ausencia de actuación respecto de a igualdade e o benestar dunha sociedade.

Diagnosticar os efectos da inflación como elemento distorsionador das decisións que toman os axentes económicos nunha sociedade.

Analizar as características principais do mercado de traballo, as políticas de emprego e valorar as oportunidades que presenta.

Coñecer e valorar as vantaxes que supuxo o comercio internacional, así como os custos que implicou no desenvolvemento dalgúns países. Valorar o potencial da integración económica e as perspectivas da economía galega no marco da internacionalización económica.

Buscar, seleccionar, comprender e valorar noticias económicas procedentes de distintas fontes.

Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas económicos.

### **3. Competencias do currículo**

As competencias serán as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

#### 4. Elementos transversais

No proceso do ensino-aprendizaxe fomentaranse:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A análise crítica de comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- O estudo do desenvolvemento sostible e o medio ambiente, dos riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.
- O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial.

#### 5. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave

Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Ideas económicas básicas				

<b>Economía. 4º de ESO</b>				
<b>Objetivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
a d f	B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	CCL CSC
	B1.2. Principios na toma de decisións económicas. B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.		ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CAA CD
f h o	B1.4. O método na economía: modelos económicos.	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	CCL
	B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.		ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	CAA CSC
			ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	CD CMCCT
a f	B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	CMCCT CSC
			ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	CMCCT CSC CCL
<b>Bloque 2. Economía e empresa</b>				
a b e m	B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa.	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	CMCCT CSIEE CCL
			ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CAA CD CCL
			ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	CSIEE CSC CCL
a f	B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.	B2.2. Analizar as características principais	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e	CMCCT CSC

<b>Economía. 4º de ESO</b>				
<b>Objetivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
e	B2.6. Sectores da actividade económica.	do proceso produtivo.	tecnoloxía.	CCL
			ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CD CSC
e f	B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CD CMCCT
e f	B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD CMCCT
	B2.9. Resultados da empresa.			CCL
a e f	B2.10. Obrigas fiscais das empresas.	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	CD CMCCT CCL
				ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.
<b>Bloque 3. Economía persoal</b>				
d e f	B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CAA CD CMCCT
			ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	CAA CD CMCCT
			ECB3.1.3. Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CAA CD CMCCT
a d m	B3.3. Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	CAA CSIEE
a f	B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.	B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o	ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	CAA CSC
			ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do	CAA

Economía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.5. Risco e diversificación.	ahorro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CSC
a	B3.6. O diñeiro.	B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT
b	B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.		ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CAA CD
e	B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.		ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD
f	B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.		ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT
g	B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT
<b>Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado</b>				
a	B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	CMCCT CSC
b			ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	CD CMCCT
e			ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	CMCCT CSC
f			ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CCL CSC
g				
ñ				
a	B4.2. A débeda pública e o déficit público.	B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit	CCL CMCCT

<b>Economía. 4º de ESO</b>				
<b>Objetivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
f		débeda pública e déficit público.	público, así como a relación que se produce entre eles.	
a c d e f	B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	CCL CMCCT CSC
			ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	CAA CD CMCCT
<b>Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego</b>				
a c e f	B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.	B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CSC
			ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	CCL CMCCT CSC
			ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CD CMCCT
			ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CMCCT CSC
a c e f	B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación.	B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	CD CSC
			ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	CAA CD
			<b>Bloque 6. Economía internacional</b>	
a e f m	B6.1. Globalización económica. B6.2. Comercio internacional. B6.3. Integración económica e monetaria europea. B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.	B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	CAA CSC
			ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	CCL CSC
			ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	CAA CD CSC
			ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	CCL CD CSC
			ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas	CAA

Economía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CSC

## 6. Temporalización

A temporalización é meramente orientadora, posto que a lexislación vixente contempla que esta é unha das decisións que aínda que depende do Departamento, tamén depende dos profesores responsables, os cales poden variar as liñas xerais na medida en que as circunstancias do curso e as necesidades dos seus alumnos así o xustifiquen, en especial este curso pola situación sanitaria que padecemos.

Impártense tres sesións semanais de 50 minutos cada sesión

A proposta que se fai para as diferentes Unidades Didácticas é a seguinte:

UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN
<b>1ª avaliación</b>	
UD 1_ Economía: a ciencia útil	7 sesións
UD 2_ Producción e crecemento	7 sesións
UD 3_ Mercados e empresa	8 sesións
UD 4_ A empresa e o seu contexto	7 sesións
<b>2ª avaliación</b>	
UD 5_ Planificación financeira	7 sesións
UD 6_ Saúde financeira	7 sesións
UD 7_ O diñeiro e as súas formas	8 sesións
UD 8_ Producción e prezos	7 sesións
<b>3ª avaliación</b>	
UD 9_ O mercado de traballo	8 sesións
UD 10_ As contas do Estado	7 sesións
UD 11_ O comercio internacional e a Unión Europea	8 sesións
UD 12_ A globalización económica	9 sesións
<b>TOTAL</b>	<b>90 sesións</b>

## 7. Vinculación entre: obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, unidades didácticas e competencias clave

É a que se mostra na táboa seguinte.



Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	U.D.	C.C.
<b>Bloque 1. Ideas económicas básicas</b>					
a d f	B1.1.	B1.1.	ECB1.1.1.	1	CCL, CSC
	B1.2. B1.3.		ECB1.1.2.	1 e 2	CAA, CD
f h o	B1.4. B1.5.	B1.2.	ECB1.2.1.	1 a 12	CCL
			ECB1.2.2.	2	CAA, CSC
			ECB1.2.3.	3	CD, CMCCT
a f	B1.6.	B1.3	ECB1.3.1	2	CMCCT, CSC
			ECB1.3.2.	1 a 12	CMCCT, CSC, CCL
<b>Bloque 2. Economía e empresa</b>					
a b e m	B2.1.	B2.1.	ECB2.1.1.	4	CMCCT, CSIEE, CCL
	B2.2. B2.3.		ECB2.1.2	4	CAA, CD, CCL
	B2.4.		ECB2.1.3	4	CSIEE, CSC, CCL
a f e	B2.5. B2.6.	B2.2.	ECB2.2.1.	3	CMCCT, CSC, CCL
			ECB2.2.2.	3	CD, CSC
e, f	B2.7.	B2.3.	ECB2.3.1	4	CCL, CD, CMCCT
e f	B2.8. B2.9	B2.4.	ECB2.4.1.	4	CD, CMCCT
a e f	B2.10.	B2.5.	ECB2.5.1.	9	CD, CMCCT, CCL
			ECB2.5.2.	9	CSC
<b>Bloque 3. Economía persoal</b>					
d e f	B3.1.	B3.1.	ECB3.1.1.	5	CAA, CD, CMCCT
	B3.2.		ECB3.1.2..	5	CAA, CD, CMCCT
			ECB3.1.3	5	CAA, CD, CMCCT
a, d, m	B3.3	B3.2.	ECB3.2.1.	5,7,8	CAA,CSIEE
a f	B3.4.	B3.3.	ECB3.3.1.	7 e 8	CAA, CSC
	B3.5.		ECB3.3.2.	7 e 8	CAA, CSC



Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	U.D.	C.C.
a b e f g	B3.6.	B3.4.	ECB3.4.1.	6 e 7	CCL, CMCCT
	B3.7.		ECB3.4.2.	6, 7 e 8	CCL, CAA, CD
	B3.8.				
	B3.9.				
e, f, g	B3.10.	B3.5.	ECB3.5.1.	8	CAA, CCL, MCCT
<b>Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado</b>					
a b e f g ñ	B4.1.	B4.1.	ECB4.1.1.	9 e 11	CMCCT, CSC
			ECB4.1.2.	9 e 11	CD, CMCCT
			ECB4.1.3.	9 e 11	CMCCT, CSC
			ECB4.1.4.	9 e 11	CCL, CSC
a, e, f	B4.2.	B4.2.	ECB4.2.1..	9	CCL, CMCCT
a, c, d, e, f	B4.3.	B4.3.	ECB4.3.1.	9	CCL, CMCCT, CSC
			ECB4.3.2.	9	CAA, CD, CMCCT
<b>Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego</b>					
a c e f	B5.1. B5.2. B5.3. B5.4.	B5.1.	ECB5.1.1.	6 e 11	CCL, CSC
			ECB5.1.2.	6	CCL, CMCCT, CSC
			ECB5.1.3.	6, 7 e 11	CD CMCCT
a c e f	B5.5. B5.6.	B5.2.	ECB5.2.1.	7	CCL, CMCCT, CSC
			ECB5.2.2.	7	CD, CSC
			ECB5.2.3.	7	CAA, CD
<b>Bloque 6. Economía internacional</b>					
a	B6.1.	B6.1.	ECB6.1.1.	12	CAA, CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	U.D.	C.C.
e f m	B6.2.		ECB6.1.2.	12	CCL, CSC
	B6.3.		ECB6.1.3.	12	CAA, CD, CSC
	B6.4.		ECB6.1.4.	12	CCL, CD, CSC
			ECB6.1.5.	12	CAA, CSC

## 8. Procedemento de avaliación continua

En cada unha das unidades didácticas nas que se distribúen os contidos da programación, os indicadores de avaliación serán os tipos de tarefas e outros instrumentos de avaliación que emprega o profesorado que imparte a materia. Os indicadores de avaliación deben contribuír a que o alumnado logre adquirir as competencias referidas nelas (unidades didácticas).

Poden considerarse no procedemento de avaliación os seguintes instrumentos , podéndose adaptar a maioría deles ao ensino non presencial:

Recollida de datos por análises sistemático do traballo do alumno.

Observación na aula.

Carpeta.

Realización de probas escritas ao longo da unidade didáctica.

Valoración de traballos (individuais, en grupo) e actividades programadas, participación na clase.

Valoración cualitativa do progreso do alumno

Actitude.

Realización de probas escritas (exames) dunha ou de varias unidades. **Ditas probas serán realizadas de xeito telemática si a situación sanitaria o require.**

Para a cualificación do alumno/a terase en conta:

**O 80% da nota de cada avaliación procederá da obtida nas probas escritas.**

Realizaranse como mínimo dúas probas teórico-prácticas por avaliación e cualificaranse de 1 a 10 puntos. A nota usada para o cálculo de dita porcentaxe será a media aritmética das cualificacións obtidas nas probas escritas que se realizan en cada avaliación, coa esixencia de que o alumno/a teñan superada cada proba (dita media farase sempre que o alumno obteña como mínimo unha cualificación de 4 nas probas. No caso contrario o alumno non poderá obter máis dun 4 na avaliación correspondente).

Nas preguntas cortas de tipo conceptual valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. Nos casos nos que se pida xustificar a resposta ou ilustrala cun exemplo, a falta destes puntos considerarase como resposta incompleta, non acadando a máxima puntuación

Nas preguntas abertas, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo a claridade expositiva e a utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Terase en conta que o contido das respostas sexa correcto e completo, que estean debidamente razoadas, a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía e o emprego de exemplos adecuados

No relativo ás preguntas prácticas, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta, tanto as interpretacións, explicacións e comentarios dos exercicios como a corrección (coherencia) da formulación, e a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Si a pregunta consta de varios apartados, cada un deles, valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos equivocados que foran realizados en apartados anteriores.

Se a proba consta de parte teórica e práctica diferenciada, será necesario ter aprobadas ambas (metade da puntuación) para superala.

**10%, será o resultado dos traballos e exercicios recollidos.** Para este apartado terase en conta, ademais dos conceptos, a ortografía, a redacción, a presentación e a lectura.

Se o alumnado non realizase traballos porque a materia, a temporalización ou a situación sanitaria non o permitise, a ponderación da proba escrita pasaría a ser do 90%.

**10% restante dá cualificación será o traballo de aula** (presencial ou non) realización de tarefas, exercicios na clase, participación nos temas tratados na aula, etc

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos, este alumno suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación ó final de curso.

A cualificación de cada avaliación calcularase en cifras de 1 a 10, considerándose superada a avaliación cando a suma ponderada, segundo o exposto anteriormente, do 100% da información recollida, de un resultado igual ou superior a cinco puntos e non superada a suma inferior a cinco. As cualificacións obtidas en cada trimestre redondearanse, de ser o caso, de xeito que o decimal asimilarse ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao enteiro anterior cando é inferior.

Unha vez feitos os cálculos numéricos, os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, suficiente (SU, equivalencia numérica), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificación positivas.

A correspondencia numérica será a seguinte:

Insuficiente: 0, 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 u 8.

Sobresaliente: 9 o 10.

O alumnado que, na avaliación, obteña unha cualificación inferior a 5 puntos, deberá realizar un exame dos contidos da devandita avaliación para recuperala.

A cualificación da avaliación **final**, obterase:

- No caso de ter aprobadas as tres avaliacións parciais, como media das notas correspondentes a: primeira, segunda e terceira avaliación; máis as cualificacións obtidas, si é o caso, polas actividades de reforzo e ampliación, realizadas no período transcorrido entre a terceira avaliación e a avaliación final. As notas das avaliacións tidas en conta serán as obtidas antes de aplicar o redondeo.
- Alumnado que teña avaliacións sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, presentarse a unha proba na avaliación final. Neste caso, o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo e recuperación. Dita proba será sobre as partes sen superar, e a cualificación obterase: si hai algunha avaliación aprobada, como media entra as partes superadas e a nota obtida na proba realizada ; si tivera que recuperar a totalidade da materia, a nota será a da proba realizada na avaliación final, que será cualificada de 0 a 10, podendo expresarse ata dous decimais. Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos

De xeito xeral, considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación, igual ou superior a cinco puntos. Para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. Non obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa se a cualificación desta e igual 4 puntos e a media das tres avaliacións e igual ou superior a 5 puntos

A cualificación definitiva da materias farase efectiva na avaliación final de curso

**As avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.**

O grao mínimo de consecución dos estándares nos instrumentos de avaliación empregados polos/as profesores/as serán os que se indican na seguinte táboa:

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
ECB1.1.1.	Comprende o problema da escaseza como determinante da peculiaridade das cuestións económicas. Entende o concepto de custo de oportunidade que xorde en toda elección. Diferenza entre necesidades primarias e secundarias. Establece e utiliza diversas clasificacións de bens a efectos de facilitar a súa caracterización económica.
ECB1.1.2.	Diferenza entre o modo de estudo macroeconómico e microeconómico. Entende a utilidade dos modelos económicos para o estudo da economía.
ECB1.2.1.	Entende os distintos conceptos económicos vistos en cada tema, e é capaz de relacionalos entre si.
ECB1.2.2.	Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.
ECB1.2.3.	Representa, define e interpreta a fronteira de posibilidades de produción. Identifica combinacións de produción eficientes, ineficientes e imposibles ou inalcanzables.
ECB1.3.1.	Caracteriza a familias, empresas e sector público como axentes que toman decisións motivadas polo principio de racionalidade económica. Identifica os elementos das empresas así como as súas funcións na economía. É capaz de ver ao mercado como o lugar onde se relacionan os axentes económicos. Identifica as dúas caras do mercado, oferta demanda, e comprende a lei que rexe o seu funcionamento. Comprende o funcionamento do fluxo circular da renda a través das relacións dos axentes na economía.
ECB1.3.2.	É capaz de aplicar os conceptos económicos á súa realidade cotiá. Recoñece a necesidade de elixir e priorizar ante a escaseza de recursos.
ECB2.1.1.	Distingue as formas xurídicas das empresas. Relaciona as formas xurídicas das empresas coas esixencias de capital. Relaciona as formas xurídicas das empresas coas responsabilidades que comportan para os seus socios.
ECB2.1.2.	Coñece os principais elementos e características das distintas formas xurídicas Valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.
ECB2.1.3.	Valora os efectos positivos e negativos que teñen as empresas na sociedade.
ECB2.2.1.	Diferencia os tipos de factores de produción, así como a súa remuneración. Comprende o concepto de tecnoloxía, e sabe diferenciar entre as eficientes e as non eficientes. Interpreta o concepto de produtividade como un dos factores do crecemento económico.
ECB2.2.2.	É capaz de ver cales son os principais sectores da economía española, así como levar a cabo unha análise crítica sobre a súa situación.
	6.2 Inflación: concepto, causas, consecuencias. Medición da inflación.	B4.3	ECB4.3.1	(CD) (CMCCT)
	6.3 Perturbacións externas, forzas internas do mercado e intervención do sector público		ECB4.3.2	(CAA) (CSC)
			ECB4.3.3	(CAA) (CD)
	B4.4	ECB4.4.1	(CD) (CSIEE)	
<b>UD7. AS FORZAS INTERNAS DO MERCADO</b>				
g h i l	7.1 Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas.	B4.1	ECB4.1.1. ECB4.1.2. ECB4.1.3.	
		B4.2	ECB4.2.1. ECB4.2.2. ECB4.2.3.	
<b>UD8. POLÍTICAS MACROECONÓMICAS: A POLÍTICA FISCAL</b>				
a c i	8.1 Política fiscal e orzamentos públicos.	B7.2	ECB7.2.1.	(CMCCT) (CCL)
	8.2 O Estado na Economía: funcións.		ECB7.2.2.	(CMCCT) (CD) (CSC)
			ECB7.2.3.	(CMCCT) (CD) (CAA)
<b>UD9. ASPECTOS FINANCEIROS DA ECONOMÍA</b>				
a d h i l	9.1 O diñeiro na Economía: tipoloxía e funcionamento.	B5.1	ECB5.1.1.	(CMCCT) (CD) (CSC) (CCL)
	9.2 Proceso de creación do diñeiro.	B5.2	ECB5.2.1.	(CD) (CSC)
	9.3 Teorías explicativas da inflación	B5.3	ECB5.3.1.	(CAA) (CD) (CSC)
	9.4 Sistema financeiro. Novas formas de financiamento	B5.4	ECB5.4.1.	(CAA) (CMCCT) (CSC)
		B5.5	ECB5.5.1.	(CD) (CMCCT) (CSC)
	9.5 Política monetaria: instrumentos		ECB5.5.2.	(CMCCT) (CCL)
	9.6 Banco Central Europeo.			
9.7 Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre o tipo de xuro				
<b>UD10. O CONTEXTO INTERNACIONAL DA ECONOMÍA</b>				
a g l	10. 1.1 Comercio internacional: causas e teorías.	B6.1.	ECB6.1.1.	(CMCCT) (CSC) (CCL)
	10.1. 2 Balanza de pagos, especial referencia á española.	B6.2.	ECB6.2.1.	(CSC) (CCL)

L	10.2 Cooperación e integración económica. A Unión Europea (UE).			
<b>UD11. A GLOBALIZACIÓN E OS DESEQUILIBRIOS ECONÓMICOS</b>				
a	11.1.1 Globalización económica e financeira: causas e consecuencias.	B6.3.	ECB6.3.1.	(CSC) (CCL)
b			ECB6.3.2.	(CMCCT) (CD) (CSC)
c	11.1.2 Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación			(CAA)
h		B7.1.	ECB7.1.1.	(CSC) (CMCCT) (CD)
i	ECB7.1.2.		(CMCCT) (CCL)	
l	ECB7.1.3.		(CSC) (CCL)	
p	ECB7.1.4.		(CSC) (CD) (CAA)	
	ECB7.1.5.		(CSC) (CMCCT)	
	ECB7.1.6.		(CSC) (CAA)	
	ECB7.1.7.		(CSC) (CMCCT)	
	ECB7.1.8.		(CSC) (CMCCT)	

## 7. Temporalización

A temporalización é meramente orientadora, posto que a lexislación vixente contempla que esta é unha das decisións que aínda que depende do Departamento, tamén depende dos profesores responsables, os cales poden variar as liñas xerais na medida en que as circunstancias do curso e as necesidades dos seus alumnos así o xustifiquen, en especial este curso pola situación sanitaria que padecemos.

A materia impartirase en catro sesións semanais de 50 minutos cada sesión.

A proposta que se fai para as diferentes Unidades Didácticas é a seguinte:

- Unidade 1: 16 sesións
- Unidade 2: 16 sesións
- Unidade 3: 18 sesións
- Unidade 4: 6 sesións
- Unidade 5: 10 sesións
- Unidade 6: 10 sesións
- Unidade 7: 10 sesións
- Unidade 8: 8 sesións
- Unidade 9: 16 sesións
- Unidade 10: 16 sesións

- Unidade 11: 10 sesións

### **8. Procedemento de avaliación continua:**

En cada unha das unidades didácticas nas que se distribúen os contidos da programación, os indicadores de avaliación serán os tipos de tarefas e outros instrumentos de avaliación que emprega cada profesor/a. Os indicadores de avaliación deben contribuír a que o alumnado logre adquirir as competencias referidas nelas (unidades didácticas).

Poden considerarse no procedemento de avaliación os seguintes instrumentos, podéndose adaptar a maioría deles ao ensino non presencial:

Recollida de datos por análises sistemático do traballo do alumno.

Observación na aula.

Carpeta.

Realización de probas escritas ao longo da unidade didáctica.

Valoración de traballos (preferentemente individuais, atendendo ao protocolo Covid-19) e actividades programadas, participación na clase.

Valoración cualitativa do progreso do alumno.

Realización de probas escritas (exames) dunha ou de varias unidades, realizándose ó menos dous exames por avaliación.

**Ditas probas serán realizadas de xeito telemática si a situación sanitaria o require.**

Para a cualificación do alumno/a terase en conta:

**O 80% da nota de cada avaliación procederá da obtida nos exames.**

A nota usada para o cálculo de dito 80% será a media aritmética das cualificacións obtidas nas probas escritas que se realizan en cada avaliación, dita media farase sempre que o alumno obteña como mínimo unha calificación de 5 nas probas. No caso contrario o alumno non poderá obter máis dun 4 na avaliación correspondente. Terase en conta que o contido das respostas sexa correcto e completo, que estea debidamente razoada, a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía e o emprego de exemplos adecuados. Se os exercicios son prácticos teranse en conta, tanto as interpretacións, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Se a proba consta de parte teórica e práctica diferenciada, será necesario ter aprobadas ambas para superala.

**10%, será o resultado dos traballos e exercicios recollidos.** Para este apartado terase en conta, ademais da pertinencia dos conceptos, a ortografía, a redacción, a presentación e a exposición oral.

Se o alumnado non realizase traballos porque a materia, a temporalización ou a situación sanitaria non o permitise, a ponderación da proba escrita pasaría a ser do 90%.

**10% restante dá cualificación será o traballo de aula** (presencial ou non), realización de deberes e exercicios na clase, participación nos temas tratados na aula, etc



A cualificación de cada avaliación exprésase en cifras de 1 a 10 sen decimais, considerándose superada a avaliación cando a suma ponderada, segundo o exposto anteriormente, do 100% da información recollida, de un resultado igual ou superior a cinco puntos e non superada a suma inferior a cinco. As cualificacións obtidas en cada trimestre redondearanse , de ser o caso, de xeito que o decimal asimilarse ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao enteiro anterior cando é inferior.

O alumnado que, na avaliación, obteña unha cualificación inferior a 5 puntos, deberá realizar un exame dos contidos da devandita avaliación

Cando os alumnos suspendan dúas ou máis avaliacións terán que presentarse a un exame dos contidos das avaliacións suspensas, antes da avaliación final do período ordinario.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos, este alumno suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación ó final de curso, antes da avaliación final do período ordinario

A cualificación da terceira avaliación, coincidirá coa nota da avaliación final ordinaria .

Obterase como media das notas correspondentes a: primeira avaliación, segunda avaliación e a nota obtida nos exames e demais instrumentos de avaliación que correspondan á terceira (as notas tidas en conta serán as obtidas antes de aplicar o redondeo) Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación, igual ou superior a cinco puntos. Para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. Non obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa se a cualificación desta é igual a 4 puntos e a media das tres avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

O grao mínimo de consecución dos estándares nos instrumentos de avaliación empregados polos/as profesores/as serán os que se indican na seguinte táboa:

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
ECB1.1.1.	<p>Explicar o concepto da escaseza relativa.                      Explicar para que serve a economía.                      Aplicar o concepto de custo de oportunidade que xorde en toda elección.                      Diferenciar entre necesidades primarias e secundarias.                      Establecer e utilizar diversas clasificacións de bens a efectos de facilitar a súa caracterización económica.                      Establecer os trazos que caracterizan a produción, a distribución e o consumo como momentos diferenciados da actividade económica e identificar o seu carácter sucesivo.                      Caracterizar a familias, empresas e sector público como axentes que toman decisións motivadas polo principio de racionalidade económica.                      Identificar os obxectivos de cada tipo de axente económico, así como os factores que inflúen na toma de decisións.                      Explicar o funcionamento do fluxo circular da renda a través das relacións dos axentes na economía.                      Explicar as consecuencias no fluxo circular da renda de cambios na política das empresas e decisións do sector público.                      Identificar e clasifica os diferentes tipos de recursos produtivos en función da súa función económica.                      Diferenciar os tipos de factores produtivos, así como a súa remuneración.</p>
ECB1.2.1.	<p>Identificar os tres interrogantes económicos básicos (que producir, como e para quen).                      Explicar as distintas respostas as preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.                      Describir as características do sistema de economía de mercado.                      Identificar as limitacións do sistema de economía de mercado, formulando hipóteses sobre as súas causas.                      Describir as características do sistema de planificación centralizada.                      Identificar as limitacións do sistema de planificación centralizada.                      Identificar o papel do estado nas economías mixtas.</p>
ECB1.2.2.	<p>Interpretar o concepto de produtividade como un dos factores do crecemento económico.</p>



	Representar graficamente o crecemento económico no modelo de fronteira de posibilidades de produción.
ECB1.2.3.	Comparar sistemas económicos.
ECB1.3.1.	Distinguir as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.
ECB1.3.2.	Diferenciar entre o modo de estudo microeconómico e macroeconómico. Entender a utilidade dos modelos económicos para o estudo da economía. Representar, definir e interpretar a fronteira de posibilidades de produción. Identificar combinacións de produción eficientes, ineficientes e imposibles ou inalcanzables. Calcular o custo de oportunidade e relacionalo coa fronteira de posibilidades de produción.
ECB2.1.1.	Diferenciar as distintas formas de empresas de acordo coa súa actividade produtiva, tamaño, a titularidade do seu capital e a súa estrutura xurídica.
ECB2.2.1.	Analizar e explicar a división do traballo como a clave para organizar a actividade dunha empresa, e valorar a súa importancia no contexto actual.
ECB2.2.2.	Identificar e explicar os conceptos fundamentais da produción. Realizar cálculos da produtividade de distintos factores e interpretar os resultados. Coñecer medios e alternativas de mellora da produtividade na empresa. Describir e aplicar o concepto de valor engadido.
ECB2.3.1.	Recoñecer as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.
ECB2.4.1.	Describir os elementos da empresa. Describir as funcións da empresa na Economía. Explicar brevemente os obxectivos da empresa
ECB2.4.2.	Explicar a función creadora de utilidade dos bens das empresas.
ECB2.5.1.	Calcular e interpretar a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. Calcular e comparar as produtividades dos factores asociados a dúas tecnoloxías dadas.
ECB2.6.1.	Calcular, clasificar e utilizar diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representar e interpretar gráficos de custos. Calcular os custos totais como suma de custos fixos e custos variables. Calcular os custos medios (unitarios) a partir dos custos totais. Aplicar a noción de custo marxinal a exemplos sinxelos de cálculos con incrementos. Recoñecer a lei dos rendementos decrecentes como unha limitación o incremento indefinido da produción para unha tecnoloxía dada. Relacionar as tecnoloxía coas economías de escala. Recoñecer a coexistencia de economías de escala coa lei de rendementos decrecentes.
ECB2.6.2.	Calcular, analizar e interpretar os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período. Aplicar a noción de rendemento marxinal a partir do custo marxinal e do ingreso marxinal.
ECB2.7.1.	Representar e interpretar gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.
ECB3.1.1.	Sabe explicar e representar graficamente os efectos das variacións das distintas variables no funcionamento dos mercados.
ECB3.1.2.	Explicar a relación entre a cantidade demandada dun ben e o seu prezo, o prezo doutros bens (substitutivos e complementarios), a renda e as preferencias. Construír e interpretar a curva de demanda dun mercado a partir de datos matemáticos ou información sobre o produto ou servizo demandado. Identificar os factores que provocan desprazamentos na curva de demanda, e distinguir aqueles cambios nas condicións de mercado que provocan expansión da demanda daqueles que causan unha contracción da mesma. Describir os elementos que inflúen na oferta dunha empresa. Construír e interpretar a curva de oferta dun mercado a partir de datos matemáticos ou información sobre o produto ou servizo ofrecido. Identificar os factores que provocan desprazamentos na curva de oferta, e distingue aqueles cambios nas condicións de mercado que provocan expansión da oferta daqueles que causan unha contracción da mesma. Explicar e interpretar graficamente o equilibrio de mercado como punto de coincidencia dos plans de produtores e consumidores. Calcular o punto de equilibrio como intersección de curvas de oferta e demanda obtidas por interpolación a partir de pares de datos cantidade-prezo.
ECB3.1.3.	Definir, calcular a elasticidade da demanda e a relación desta co ingreso total.
ECB3.2.1.	Analizar e comparar o funcionamento dos diferentes tipos de mercados, explicando as súas diferenzas.
ECB3.2.2.	Aplicar a análise dos distintos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato.
ECB3.2.3.	Valorar, de forma crítica, os efectos que se derivan sobre os axentes que interveñen nos diversos mercados.
ECB4.1.1.	Definir e interpretar en termos económicos as principais magnitudes macroeconómicas. Define o PIB como valor monetario de todos os bens e servizos finais producidos por un país nun período de tempo. Calcular, a partir de datos simplificados, o PIB pola tripla vía do gasto, do valor engadido e da renda. Coñecer e calcular, a partir de datos simplificados, os indicadores máis importantes recollidos na Contabilidade Nacional. Describir a inflación de demanda e diferenciar as súas causas. Describir a inflación de oferta (de custes) e diferenciar as súas causas. Explicar e valorar os efectos da inflación.

	<p>Describir o IPC a súa composición, e calcular taxas de inflación a partir de series estatísticas.</p> <p>Coñecer e definir os compoñentes da demanda agregada en especial, no que corresponde a este estándar, o consumo e o investimento.</p> <p>Identificar os factores que condicionan o consumo e o aforro, e utilizar indicadores económicos para medir ambas magnitudes.</p> <p>Explicar os factores que condicionan o investimento e a capacidade deste para influír na economía</p>
ECB4.1.2.	Saber relacionar as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.
ECB4.1.3.	<p>Analizar de forma crítica os indicadores estudados.</p> <p>Identificar elementos concretos da economía que non son medidos polas macromagnitudes: a economía encuberta, as externalidades ou a calidade dos bens producidos.</p>
ECB4.2.1.	Utilizar e interpretar a información contida en táboas e gráficos de diferentes variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.
ECB4.2.2.	Coñecer e ser quen de consultar os datos das series estatísticas (do INE, IGE, SEPE,...)
ECB4.2.3.	Operar con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízalas e interpretalas, presentando as súas valoracións de carácter persoal.
ECB4.3.1.	<p>Examinar e interpretar datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.</p> <p>Diferenciar entre poboación: total, activa e desempregada.</p> <p>Calcular e interpretar as taxas de actividade, desemprego e ocupación a partir de datos estatísticos.</p> <p>Diferenciar entre desemprego cíclico, estacional, estrutural e friccional.</p>
ECB4.3.2.	Valora a relación entre a educación e formación e as probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.
ECB4.3.3.	Recoñecer vieiros de ocupación e tendencias de emprego.
ECB4.4.1.	Analizar os datos de inflación e desemprego en España e as diferentes alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación.
ECB5.1.1.	Analizar e explicar o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha Economía.
ECB5.2.1.	Recoñecer as causas da inflación e valorar as súas repercusións económicas e sociais.
ECB5.3.1.	Valorar o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento e identificar os produtos e mercados que o compoñen.
ECB5.4.1.	Razoar, de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.
ECB5.5.1.	Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo e razoa sobre o seu papel e funcionamento
ECB5.5.2.	Describir os efectos das variacións dos tipos de xuro na Economía.
ECB6.1.1.	Identificar e describir os fluxos comerciais internacionais.
ECB6.2.1.	Explicar o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexionar para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.
ECB6.3.1.	Expresar as razóns que xustifican o intercambio económico entre países.
ECB6.3.2.	Describir as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexionar sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.
ECB7.1.1.	Identificar e analizar os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda.
ECB7.1.2.	Diferenciar os conceptos de crecemento e de desenvolvemento.
ECB7.1.3.	Recoñecer e explicar as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida.
ECB7.1.4.	Analizar de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar.
ECB7.1.5.	Reflexionar sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.
ECB7.1.6.	Desenvolver actitudes positivas en relación co ambiente e valorar a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.
ECB7.1.7.	Identificar os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallo e residuos, o que supón valorar os custos asociados.
ECB7.1.8.	Recoñecer a evolución cíclica da actividade económica: describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais.
ECB7.2.1.	Distinguir e explicar as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.
ECB7.2.2.	<p>Identificar os principais fallos do mercado, as súas causas e efectos para os axentes que interveñen na Economía e as diferentes opcións de actuación por parte do Estado.</p> <p>Recoñecer a magnitude da desigualdade da renda, así como as políticas destinadas a reduci-la.</p>
ECB7.2.3.	<p>Clasificar e describir os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumentar a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.</p> <p>Definir a política fiscal, identificar os principais instrumentos da política fiscal discrecional e os estabilizadores</p>

automáticos. Razoar, de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política fiscal e o seu impacto económico e social. Saber explicar os efectos dunha política fiscal expansiva ou restritiva sobre a produción, o emprego e os prezos, a través da influencia na renda dispoñible e na demanda agregada.
--

## 9. Procedemento de avaliación extraordinaria

O alumnado que non supere a materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso que será cualificada de 0 a 10, podendo expresarse ata dous decimais. Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos

O período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación da materia.

Criterios xerais de avaliación

Nas preguntas cortas de tipo conceptual valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. Nos casos nos que se pida xustificar a resposta ou ilustrala cun exemplo, a falta destes puntos considerarase como resposta incompleta, non acadando a máxima puntuación

Nas preguntas abertas, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo a claridade expositiva e a utilización axeitada dos conceptos fundamentais

No relativo ás preguntas prácticas, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico, senón tamén a corrección (coherencia) da formulación, e o uso das unidades correctas. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos equivocados que foran realizados en apartados anteriores.

Os exercicios prácticos desta asignatura responderán fundamentalmente a seguinte tipoloxía:

A produción e os custos: cálculo da produtividade do traballo; cálculo dos custos fixos, variables e totais; custes unitarios (medios e marxinais).

Emprego: cálculo de taxas de paro, de actividade e de ocupación.

Oferta e demanda: elasticidade, determinación do equilibrio, excesos de oferta e/ou demanda (importante a correcta representación gráfica)

Contabilidade nacional: cálculo das variables macroeconómicas

## 10. Plan de recuperación de pendentes de Economía 1º Bacharelato

O alumno/a realizará actividades, na súa casa, que periodicamente deberá entregar ao profesor/a para que sexan corrixiadas e poder ser tidas en conta para avalialo. Ditas actividades poderán consistir en: resolución de problemas, aplicar contidos, relacionar contidos próximos, elaboración e interpretación de gráficos, comentarios de texto, elaboración de sínteses.

O alumno/a realizará un exame por avaliación segundo as datas que fixe xefatura de estudos.

◆ CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

➤ AVALIACIÓN PARCIAIS 1ª, 2ª e 3ª:

A ponderación dos exames para obter a nota da avaliación será como mínimo do 50%,

A ponderación dos instrumentos de control será como máximo do 50%

AVALIACIÓN FINAL:

Terase en conta para o cálculo da nota final a das tres avaliacións, ponderando por igual cada unha delas, sempre que se dispoña de elementos para avalialo (exames ,resolución de actividades entregadas polo profesorado) en cada unha das avaliacións.

Si o alumno non superase a materia na avaliación final ordinaria (anterior á de 2º curso) poderá examinarse da materia realizando unha única proba extraordinaria a realizar antes da avaliación extraordinaria do 2º curso.

### **11. Medidas de atención á diversidade**

As vixentes disposicións e normas indican que se debe dar un tratamento específico os alumnos/as que por as súas circunstancias os precisen e realizar consecuentemente as adaptacións do currículo oportunas.

Mediante a gradación na dificultade das tarefas, flexibilidade na realización dos traballos encomendados, diferenciación dos aspectos esenciais de aqueles que os afondan ou amplían, e a proposta de actividades complementarias tanto de reforzo como de profundización na materia, poderemos atender as necesidades específicas dos alumnos/as.

### **12. Metodoloxía, materiais e recursos, libros de texto**

A interrelación da economía con outras ciencias, basicamente a historia e a xeografía permite supoñer que os alumnos e as alumnas xa están familiarizados con algúns conceptos económicos.

A conexión de algúns procedementos comúns con outras ciencias sociais (gráficos, series temporais, etc.) tamén son posibles recursos iniciais para empezar o análise económico.

O aproveitamento dos coñecementos previamente adquiridos polos alumnos nos permitirán levar a cabo un aprendizaxe significativo, ó establecer relacións entre o que xa sabe e os novos coñecementos.

Os materiais empregados terán como obxectivos xerais:

a) Favorecer a madurez intelectual e humana dos alumnos e alumnas, así como en coñecementos e habilidades (neste caso propias da Economía) que lles permitan desempeñar as súas funcións sociais con responsabilidade e competencia.

b) Un carácter flexible e aberto que permita ó profesorado adecuar a docencia ás características dos alumnos e alumnas e a realidade educativa de cada centro.

c) Seleccionar aqueles contidos de maior poder explicativo para comprender os sistemas económicos.

d) Diferenciar claramente entre contidos conceptuais e procedementos propios da ciencia económica.

Os diferentes contidos serán expostos polo profesor coa axuda de libros de diversos recursos didácticos. As exposicións teóricas complementaranse coa resolución de supostos prácticos e ás actividades necesarias para que a aprendizaxe sexa significativa.

O profesor dirixe o proceso de aprendizaxe, orientándoo, motivándoo, e controlándoo durante a realización do traballo na clase aula, tanto física coma nun entorno virtual.

Debido a situación epidemiolóxica actual, a actividade de aula será individual; o traballo en equipo e o cooperativo, de realizarse, so será de xeito telemático

Non se propón ningún libro de texto, será o profesorado o encargado de subministrar os apuntes.

En atención a adaptación ao contexto da Covid-19 empregárase prioritariamente a Aula Virtual do centro, de xeito que todos os apuntamentos, exercicios e actividades programadas estarán accesibles para os alumnos neste soporte dixital, durante o curso. As actividades estarán deseñadas para posibilitar o seu desenvolvemento tanto na modalidade presencial coma nas modalidades formativas semipresencial ou a non presencial.

Outros recursos a empregar na aula: artigos de prensa (e revistas especializadas) relacionados cos temas a tratar, Vídeos.

Materiais audiovisuais que permitan o uso de presentacións Poower-Point e similares: ordenador portátil, cañón, pizarra dixital, etc.

RECURSOS DE INTERNET algúns deles:

Aula virtual

Correo electrónico, plataformas de videoconferencia, ou diversas ferramentas coma google clasroom, trello, etc

Webs e Blogs de profesores de Economía

Portais educativos de: Instituto Galego de Estatística; Axencia Tributaria; Seguridade Social; Xunta de Galicia

Webs de organismos oficiais: Dirección General de Política de la Pyme

Outras páxinas webs de: vídeos, periódicos, empresas, bancos.

Contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria, a actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial, o profesor , preferentemente a través da aula virtual do centro, e/ou usando os medios dos que poda dispor, determinará as tarefas a realizar polo alumnado, procurando a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ECONOMÍA DA EMPRESA SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO

## 1. Introducción e contextualización

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle que o estudo e a formación en Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

Esta é a programación do Departamento de Economía do IES LAURO OLMO para a materia de “Economía da Empresa” que se imparte: no segundo curso de Bacharelato na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

O contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual que nos leva a incorporar o establecido nas instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, en especial os puntos 29, utilización das aulas virtuais e 30, metodoloxías do ensino a distancia

## 2. Obxectivos

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.



- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

En relación cos contidos propostos para Bacharelato, marcaremos para a área de Economía da empresa os seguintes obxectivos:

- Analizar as características máis relevantes dos distintos tipos de empresas e identificar os seus compoñentes, funcións, obxectivos, organización e interrelacións que existen entre elas.
- Apreciar o papel das empresas na satisfacción de necesidades dos consumidores e no aumento da calidade de vida e benestar. Recoñecer a empresa como motor do benestar colectivo, que debe asumir unha responsabilidade social baseada en criterios éticos.
- Valorar a importancia que para as empresas e a sociedade teñen a investigación, innovación, as tecnoloxías da información e comunicación e as redes sociais, así como a globalización económica en relación coa competitividade, o crecemento e a localización.
- Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.
- Tomar decisións a partir da análise de situacións reais ou imaxinarias, entre distintas alternativas que se suscitan nas distintas áreas funcionais da empresa.
- Analizar as distintas políticas de marketing que adoptan as empresas segundo os mercados aos que se dirixen, valorando os límites éticos que ditas políticas deben considerar.
- Comprender a necesidade de adoptar un marketing social para que os obxectivos das empresas sexan compatibles cós da sociedade, aumentando o seu benestar.
- Interpretar de modo xeral estados de contas anuais das empresas, identificando os seus posibles desequilibrios económicos e financeiros e propoñer medidas correctoras.
- Obter, seleccionar e interpretar información sobre aspectos socioeconómicos e financeiros que afectan á empresa, nos ámbitos internacional, nacional e local, tratala de forma autónoma, utilizando no seu caso, medios informáticos e aplicala a toma de decisións empresariais.
- Coñecer e valorar o sector empresarial galego, as súas características, potencial e expectativas, así como identificar as súas oportunidades e retos.
- Afianzar o espírito emprendedor a través do fomento das calidades emprendedoras e creativas.

### 3. Competencias do currículo

As competencias serán as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

### 4. Elementos transversais

No proceso do ensino-aprendizaxe se fomentará:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A análise crítica de comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- O estudo do desenvolvemento sostible e o medio ambiente, dos riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.
- O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial.

## 5. Vinculación entre secuenciación de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe

UD1_ A EMPRESA E O/A EMPRESARIO/A. CLASES DE EMPRESAS.		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>1.1. A empresa e o/a empresario/a.</p> <p>1.2 Elementos, funcións e obxectivos da empresa.</p> <p>1.3 Clases de empresas.</p> <p>1.4 Marco xurídico da actividade empresarial</p>	<p>CA1 Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital.</p>	<p>ECA1.1 Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.</p> <p>ECA1.2 Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.</p> <p>ECA1.3 Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.</p> <p>ECA1.4 Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.</p> <p>ECA1.5 Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.</p>

UD2_ A EMPRESA: CONTORNO DA EMPRESA		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>2.1 Contorno da empresa.</p> <p>2.2 Responsabilidade social e ambiental da empresa.</p> <p>2.3 Funcionamento e creación de valor.</p>	<p>CA2 Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.</p>	<p>ECA2.1 Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.</p> <p>ECA2.2 Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.</p> <p>ECA2.3 Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a</p>

		sociedade e para a cidadanía.
--	--	-------------------------------

<b>UD3_DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA</b>		
<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
